
SOPA DE RATO

Texto e ilustracións de **ARNOLD LOBEL**

Tradución de **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ BARREIRO**

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 72 páx. 16 €.

Sopa de rato (galego)

ISBN 978-84-8464-817-8. Tras os montes.

Sopa de ratolí (català)

ISBN 978-84-8464-818-5. Clàssics contemporanis.

Sagu zopa (euskara)

ISBN 978-84-8464-226-8. Gaur egungo klasikoak.

Sopa de rato (português)

ISBN 978-989-8205-99-5. Clásicos contemporâneos.

-Pero eu non teño conto ningún -dixo a donicela.


-Teño eu -dixo o rato-. Podo contalos agora mesmo.

-Pois veña -dixo a donicela-. E rapidiño, que teño moita fame...

Un ratiño, a piques de ser papado por unha donicela, dille que para facer unha sopa de roedor moito máis saborosa precisa ingredientes de moitos contos. Entón, o astuto protagonista deste libro comeza a contarlle historias que a deixan completamente encandeada...

A finalidade dos contos de Lobel -fábulas na súa meirande parte- é conseguir que os nenos e nenas aprendan a ler dun xeito divertido. "Só escritores cunha enorme sensibilidade como Lobel foron quen de utilizar un estilo inocente sen pecar de pueril, tanto na narración como nas ilustracións que creaba", dixeron os principais especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil.

Polos seus textos e imaxes sinxelos e evocadores, «Sopa de rato», xunto con «Tío Elefante», «O porquiño», «Contos de ratiños», «Saltón no camiño» e «El libro de los guarripios» son referentes literarios incuestionables.



■ **Temática:** libro de relatos.

■ **Idade recomendada:** Educación Infantil.

■ **Aspectos destacables:** clásico da Literatura

Infantil de todos os tempos; do autor de «[Tío Elefante](#)», «[O porquiño](#)», «[Contos de ratiños](#)», «[Saltón no camiño](#)», «[El libro de los guarripios](#)» (Kalandraka); iniciación á lectura, fábulas con mensaxe; consta dos relatos:

-As abellas e a lama

-Dúas pedras grandes

-Os grilos

-A roseira

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sopa-de-rato-pt>

Arnold Lobel

(Os Ánxeles, 1933 - Nova York, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e posteriormente dedicouse a ilustrar historias escritas por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, «A Zoo for Mister Muster», ao que lle seguiu un ano despois «A Holiday for Mister Muster». Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios logrados destacan o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
